

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN MÚSICAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VILAVERDE- MOURENTE
NIVEL: 1º A 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN MÚSICAL
DATA: 3º TRIMESTRE

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (reforzo, repaso, recuperación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CRITERIO DE AVALIACIÓN DE 1º A 6º EP	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE 1º A 6º DE EP	COMPETENCIAS
Gozar da música como vehículo de enriquecemento e estabilidade emocional nestes momentos.	Goza e participa das actividades musicais propostas .	CCEC CD
Empregar (con/sen axuda) as novas tecnoloxías como vehículo de comunicación musical.	Emprega(con/sen axuda)aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais propostas.	CCEC CD
Realizar e remitir algunha das propostas musicais.	Elabora e entrega algunha das propostas musicais colgadas no blog durante este trimestre.	CCEC CD

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none">- Verificación e recompilación das entregas de propostas de tarefas indicadas nos blogues polo profesorado.- Análise das producións solicitadas ao alumnado (escritos, representacións- fotos, vídeos, presentacións, ...)- Observación e Intercambios orais durante as telexuntanzas.- Uso de TIC durante o confinamento.
	<p>Instrumentos :</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Alumnado:<ul style="list-style-type: none">• Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado.➤ Profesorado (ferramentas de avaliación):<ul style="list-style-type: none">• Documentos de rexistro: lista de control ,caderno do profesorado, folla de rexistro da entrega de cada alumna e alumno. Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas polo profesorado.• Instrumento de valoración: tarefas para valorar o desempeño do alumnado (en exposición oral, redactado, presentación dunha tarefa escrita ou virtual). <p>- Valorarase o realizado na 3ª avaliación de cara a unha avaliación diagnóstica – avances realizados, atrasos producidos, dificultades detectadas- que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e programas de recuperación a deseñar o curso vindeiro (a finalidade é coñecer que se precisará reforzar, recuperar ou ampliar, que aprendizaxes deberán ser obxecto de tratamento no 2020/2021) . Teremos en conta o nivel de realización das tarefas, que estean o mellor realizadas posibles, atendendo ás condicións ou pautas establecidas para a súa realización polo profesorado.</p> <p>Valores acordados:</p> <p style="text-align: center;">Entrega de actividades ata un 25% = 5 Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6 Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7 Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8 Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9 Entrega de actividades do 90% ata o 100% = 10</p>

<p>Cualificación final</p>	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación en ningún caso <i>poderá</i> verse diminuída.</p> <p>A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo. En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptarase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p style="text-align: center;">50% da 1ª + 45% da 2ª avaliación + 5% da 3ª avaliación</p> <p>(Sempre que non supoña unha diminución da cualificación, senón unha mellora con respecto da media da 1º e da 2º avaliación.)</p>
<p>Alumnado con materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: Entregarase unha tarefa extraordinaria para recuperar a materia, coas condicións expostas polo profesorado.</p> <p>Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados da 1ª e 2ª avaliación e <i>poderá</i> valorarse o traballo realizado nesta 3ª avaliación</p> <p>Procedementos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado - Análise das producións solicitadas ao alumnado/revisión de tarefas - Recompilación dos materiais remitidos. <p>Instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Para alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado. ➤ Para o profesorado: <ul style="list-style-type: none"> - Documentos de rexistro: Lista de control, rexistro de datos do traballo do alumnado na carpeta dixital, caderno do profesorado e folla de rexistro do alumnado,...). Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. - Instrumento de valoración: Ofrecerémolle ao alumnado con materia pendente do 1º ou 2º trimestre a oportunidade de recuperala propoñéndolle algún tipo de tarefa extra referido aos temas da 1ª e/ou 2ª avaliación. O alumnado que faga a tarefa recuperará a materia e o que non a faga manterá o suspenso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<p>Actividades</p>	<p>Actividades de investigación, lectura, creación, elaboración de vídeos/presentación/fotos, escoita, debuxo, composición... (de repaso, reforzo e recuperación).</p>	
<p>Metodoloxía NON PRESENCIAL</p> <p>(Alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Deseñaranse propostas ou actividades integradas-globalizadoras entre áreas/materias a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos do 2º trimestre, conmemoracións deste 3º trimestre,...) para cada nivel a través do traballo colaborativo do profesorado.</p> <p>Estas propostas de actividades serán viables, sinxelas, flexibles e motivadoras que reforcen os vínculos co alumnado e as familias.</p> <p>Terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias, coa fin de non xerar desigualdades.</p> <p>As tarefas propóranse a través dos blogues educativos de cada nivel e o alumnado empregará o correo electrónico para a devolución e entrega das mesmas.</p> <p>Tódalas propostas son inclusivas e adaptables ás posibilidades do alumnado con NEAE, contando se fose preciso coa orientación do DO, PT e AL.</p> <p><u>Alumnado con conectividade:</u></p> <p>As propostas de traballos serán coordinadas coas titorías, engadiranse ao blog de cada nivel semanalmente ou quincenalmente. Facilitaráselle un correo electrónico de nivel ás familias para que remitan os traballos dos seus fillos e fillas. Empregaremos os faladoiros e as vídeo-chamadas para manter un acercamento co alumnado sempre que sexa posible.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade:</u></p> <p>Para o alumnado con falta de recursos dixitais tentaranse buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades, así como o teléfono móbil do centro, o WhatsApp co mesmo número, o teléfono con número privado do profesorado, ata os servizos prestados pola Casa Azul, Fundación Meniños ou a Cruz Vermella, e empregaranse as mesmas canles para a achega das actividades ás titorías.</p>	
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Blog de nivel enlazado ao blog de música. - Faladoiros engadidos aos blogues, para facilitar a comunicación diaria do alumnado e as familias. 	
<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 5 DE 6</p>	<p>CENTRO CEIP VILAVERDE: NIVEL: 1º A 6º ED. PRIMARIA : MATERIA:MÚSICA :</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - TokApp School. - Correo electrónico do nivel. - Vídeo-chamada Webex, cando sexa posible. - Número do teléfono do centro e whatsApp. (No caso de precisar falar coa especialista en música as familias poñeranse en contacto con este número e a especialista devolverá a chamada a través do seu teléfono persoal con número oculto). - Recursos web engadidos ao blog de música. - Actividades conxuntas de centro.
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Remitirase información sobre esta adaptación da programación de música do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultala. Esta programación é provisional e poderá modificarse ata que sexa supervisada polo servizo de Inspección Educativa.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.